

NOME CIENTÍFICO

Salix babylonica

Descrición:

É unha árbore de 8 a 16 metros de alto, con pólas largas e flexibles que tenden a pendurar cara o chan.

O seu tronco ten a codia fisurada e non é especialmente lonxevo, non superando os 60 anos.

Familia: Salicaceae

Orixe: Orixinaria da China, importouse a Europa dende Xapón a mediados do século XVII

Nome común: “Salgueiro chorón” ou “chorón”



5

As súas flores agrúpanse en amentos cilíndricos de cor amarelo.



6



7

As súas follas son linear-lanceoladas, é dicir, con forma de punta de frecha moi alongada. Son caducas.



8

O seu froito é plumoso, posúe un vilano, o que facilita a súa dispersión polo vento.

Salix babylonica

Hábitat

Aparece frecuentemente nas marxes dos ríos onde leva a cabo unha importante labor ecolóxica, xa que as súas raíces evitan a perda do solo por erosión e tenden a mitigar os efectos dos desbordamentos do canle.

Usos ou propiedades

A súa codia contén salicina polo que foi amplamente utilizado para diminuír a dor e como febrífugo. Son tamén moi recoñecidas as súas propiedades astrinxentes.

Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

Curiosidades

Linneo, o gran naturalista sueco fundador da taxonomía moderna, deulle o nome de *Salix Babylonica* por un salmo da biblia no que se falaba que durante o exilio dos xudeus en babilonia, penduraban as súas pregarias dos salgueiros. O nome galego de “chorón” vén dado pola configuración pendurante das súas pólas.